

# O tratamento da fraseoloxía na parte introdutoria dos dicionarios monolingües do español<sup>1</sup>

## *The presentation of the phraseological units in the introductory part of the Spanish monolingual dictionaries*

Mohammed Boughaba

Universidade Mohammed V de Rabat  
<https://orcid.org/0000-0003-3653-1287>  
boughaba.md@gmail.com

Resumo: A parte introdutoria constitúe un elemento esencial para toda a obra lexicográfica, pois ademais de proporcionar os métodos prácticos para optimizar o uso do dicionario, serve tamén para aclarar cuestións teóricas, como as relativas á definición das construcións recollidas, a distinción entre unha e outra clase de unidades e a explicación do valor das marcas diasistemáticas. A pesar do papel central que desempeña, a parte introdutoria non recibiu o interese que se merece dentro dos estudos lingüísticos. É máis, os estudos sobre os prefacios dos dicionarios redúcense aínda máis cando se trata da presentación das unidades fraseolóxicas (UFS). A presente contribución trata de encher ese baleiro mediante o exame das UFS nos preliminares dunha serie de dicionarios xerais e fraseolóxicos en español e árabe. O obxectivo deste traballo é dobre. Por un lado, procura revelar as lagoas e incoherencias no tratamento que reciben as unidades pluriverbais nos preliminares dos dicionarios. Por outro lado, pretende sinalar os métodos máis eficientes para un tratamento óptimo das unidades obxecto de estudo.

Palabras chave: dicionario, unidade fraseolóxica, parte introdutoria, español, árabe.

*Abstract: The introductory part constitutes an essential element for any lexicographical work because, in addition to providing practical methods to optimize the use of the dictionary, it also serves to clarify theoretical issues, such as those related to the definition of the constructions collected, the distinction between different kinds of units and the explanation of the value of the diasystematic marks. Despite the central role it plays, the introductory part has not received the interest it deserves within linguistic studies. Indeed, studies related to dictionary prefaces are further reduced when it comes to the presentation of phraseological units (PU's). The present contribution tries to fill*

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 29.04.2020. Data de aceptación: 27.10.2020.  
Tradución do texto orixinal en castelán por Alba Quinteiros-Soliño.

*this gap, by examining the PU's in the preliminaries of a series of general and phraseological dictionaries, in Spanish and Arabic. The goal of this paper is twofold. On the one hand, it tries to reveal the gaps and inconsistencies in the treatment of multi-word units in the preliminaries of the dictionaries. On the other hand, it aims to point out the most efficient methods for optimal treatment of the units under study.*

*Keywords: dictionary, phraseological unit, introductory part, Spanish, Arabic.*

## 1. Introducción

A fraseoloxía española actual converteuse nunha disciplina en toda regra grazas ás múltiples investigacións que a tratan dende diferentes puntos de vista. Así, mentres algúns estudos se centran en clasificar as UFS e en trazar os límites divisorios entre unha e outra clase, outras contribucións adócense a analizar a súa tradución e o seu funcionamento nos discursos, escritos e orais. A representación da fraseoloxía nos dicionarios non estivo exenta deste desenvolvemento, pois a lingua española conta actualmente con numerosos estudos que analizan as UFS nas obras lexicográficas. Tal interese desembocou na aparición dunha nova disciplina: a fraseografía, que estuda os principios teóricos e prácticos do tratamento das UFS nos dicionarios xerais e fraseolóxicos. Ademais da publicación de obras que establecen as bases para un tratamento eficiente das UFS nos dicionarios, como as de Olímpio de Oliveira Silva (2007) e Penadés Martínez (2015), existen traballos máis específicos, como os relativos á marcación diasistemática, á representación do lema, á variación fraseolóxica, aos exemplos de uso etc. Un dos puntos pouco tratados, aínda que centrais para un labor fraseográfico óptimo, é o relativo á parte introdutoria. A presente contribución tenta abordar este tema mediante o estudo das UFS nos preliminares dalgúns dicionarios monolingües do español. Para iso, imos revisar as seguintes contribucións: *Diccionario de la lengua española (DLE)*, *Diccionario fraseológico documentado del español actual (DFDEA)* e *Diccionario de locuciones idiomáticas del español actual (DiLEA)*. A elección destas obras está xustificada por ser referencias obrigadas no que se refire ao estudo da fraseoloxía española. O *DLE*, malia ser un dicionario xeral, contén no seu conxunto un gran número de UFS. Tanto o *DFDEA* como o *DiLEA* son referencias fraseográficas de primeira importancia, posto que, para representar as unidades recollidas, baseáronse nos logros da fraseoloxía e da lexicografía. A diferenza reside en que o *DFDEA* é un dicionario que presenta varias clases de UFS e se publica unicamente en formato impreso, mentres que o *DiLEA* é un dicionario específico para as locucións e sae exclusivamente na versión electrónica.

A elaboración deste traballo pretende alcanzar os seguintes obxectivos, respecto ao tratamento da fraseoloxía nos preliminares dos dicionarios seleccionados:

- descubrir como se tratan as UFS;
- comprobar se a información achegada é útil e suficiente;
- revisar a terminoloxía empregada para referirse aos conceptos do universo fraseolóxico;
- sinalar as lagoas e as deficiencias do tratamento das UFS.

## 2. Consideracións xerais sobre a parte introdutoria

A parte introdutoria do dicionario constitúe un elemento lexicográfico de suma importancia, pois serve para esclarecer e facilitar as distintas instrucións sobre o seu uso. Martínez de Sousa, no seu *Diccionario de lexicografía práctica (DLP)*, defínea como un «texto que precede al cuerpo del diccionario en el que se explican al lector los aspectos de la macroestructura y la microestructura para el manejo de la obra» (*DLP*, 1995: s. v. introdución).

No tocante ás UFS, a parte introdutoria debería ocuparse, entre outras cuestións, de informar sobre os seguintes aspectos:

- indicar o obxectivo perseguido da redacción do dicionario e o tipo de usuario ao que se dirixe;
- indicar, de forma explícita, a clase de fraseoloxismos recollidos no dicionario;
- explicar o significado das clases de UFS seleccionadas e marcar, se se inclúe máis dun tipo, a diferenza entre unha e outra clase;
- expoñer os criterios de selección, ordenación e localización das UFS;
- informar sobre os distintos microsistemas de marcación lexicográfica;
- describir o procedemento seguido para representar a variación non marcada, as locucións con casas baleiras e os esquemas fraseolóxicos;
- indicar os signos e abreviacións utilizados;
- indicar o tipo de exemplos empregados, se son reais ou creados *ad hoc*. Se son reais, indicar as fontes de onde se extraeron.

Informar sobre todos estes aspectos, de forma eficiente e pormenorizada, pode converter o prólogo nun apartado relativamente longo. Non obstante, e como afirma Penadés Martínez (2015: 98), «la brevedad debe sacrificarse en aras de la claridad que impone la interpretación correcta de todas las informaciones por parte del usuario».

A consulta dos distintos dicionarios revela que a introdución do dicionario, polo xeral, non parece gozar de moito interese por parte dos especialistas na materia, sexa dende o punto de vista teórico, dada a escaseza de traballos adicados á introdución lexicográfica, ou na parte práctica, tendo en conta os poucos estudos críticos sobre as contribucións xa existentes.

Neste sentido, Santamaría Pérez revela a pouca información relativa ás UFS tras analizar unha serie de dicionarios bilingües:

*Los diccionarios bilingües estudiados ofrecen escasa información en los preliminares del diccionario acerca del tratamiento de las unidades fraseológicas, es decir, no dan ninguna indicación acerca del criterio de selección ni sobre qué tipo de expresiones aparecen en la macro o microestructura ni bajo qué lema buscarlas si se encuentran dentro del artículo* (Santamaría Pérez, 1998: 306).

Así mesmo, Ruiz Martínez (2007), despois de examinar unha serie de dicionarios xerais, escolares e fraseolóxicos, chegou á conclusión de que a maioría destas obras lexicográficas

non fan alusión directa ao concepto de colocación nas súas páxinas introdutorias. Pola súa parte, Alzola Fariñas (2001), referíndose aos dicionarios escolares, explica a incoherencia entre o contido da micro- e a macroestrutura e a información relativa aos fraseoloxismos no prólogo, debido á dificultade que comporta o seu tratamento:

*Es tal la dificultad que ofrece la explicación de los criterios que se siguen para la inclusión de las locuciones, que hay diccionarios que prefieren, simplemente, no mencionarlas en su parte introdutoria, dejando la labor en manos de los educadores (o del descubrimiento casual del usuario) (Alzola Fariñas, 2001: 437).*

De feito, algúns dicionarios —como xa veremos máis adiante— non inclúen todos os datos informativos necesarios para guiar o usuario de forma eficiente. Esta cuestión agrávase cando investigamos a información proporcionada sobre as unidades pluriverbais, a cal adoita ser defectuosa por non incluír suficiente información sobre a selección e a localización dos fraseoloxismos (cfr. Santamaría Pérez, 1998: 306) ou os criterios de marcación correspondentes a cada unidade (cfr. Ruiz Martínez, 2016: 598).

É posible xustificar este baleiro informativo nas introducións por dous motivos:

- a. A falta de información fraseolóxica na introdución revela os problemas persistentes na teoría fraseolóxica ou, como afirma Santamaría Pérez (2001: 91), «toda la indecisión y confusión que existe en la delimitación del universo fraseológico tendrá su repercusión en el modo de representar este tipo de unidades en el diccionario».
- b. Como alegan outros autores, a pouca atención prestada aos prólogos dos dicionarios débese a que son pouco lidos, xa que os lectores adoitan pasalos por alto. Este desinterese, por parte dos lectores, fai que os dicionaristas non se impliquen tanto en introducir datos o suficientemente informativos nas páxinas preliminares (cfr. Olímpio de Oliveira Silva, 2004: 439).

Pensamos que tanto os escollos derivados dos estudos teóricos como o pouco interese que esperta o prólogo nos lectores non poden ser pretextos para non afondar na introdución lexicográfica. Por que? Por un lado, o prólogo pode ser útil para aclarar certos aspectos teóricos que poderían servir de punto de partida para outras investigacións. Por outro lado, os prefacios detallados e ben explicativos permiten un mellor aproveitamento para os usuarios interesados.

### **3. Dicionario de la lengua española (DLE)**

A consulta da 23.<sup>a</sup> edición do *DLE* (2014) traduce, con claridade, a falta de información suficiente sobre as UFS recollidas. É un feito que xa foi comprobado por outros autores, como Lončar e Valero (2020: 14), quen sosteñen que a información subministrada no *DLE* «se opina escasa y estática para el uso adecuado de la fraseología». Efectivamente, na súa «Guía de consulta», o *DLE* proporciona poucos datos:

### 1. Datos relativos a la localización:

*Del mismo modo, mediante la búsqueda «por expresiones» puede realizarse una consulta de los artículos del Diccionario por formas complejas incluidas en artículos de voces simples. En la consulta de las formas complejas, la navegación permite ir exactamente, dentro del artículo correspondiente, al punto en el que se encuentra la forma compleja buscada. En los casos de homografía entre lema y sublema, se ha dado preferencia al lema.*

### 2. Datos sobre la descripción:

*Las FORMAS COMPLEJAS son combinaciones más o menos fijas del lema con otras palabras. En el Diccionario se distinguen dos grandes grupos:*

- *COMBINACIONES ESTABLES de un lema sustantivo y un elemento con función adjetiva. Por ej., cómico, ca de la legua, vis cómica.*
- *LOCUCIONES Y EXPRESIONES. Por ej., dar la cómica, ponerse cómico, ca, en un pispás, buenas noches, algo es algo<sup>2</sup>.*

Nas súas **Advertencias**<sup>3</sup>, o *DLE* volve falar das formas complexas, pero só para informar sobre a súa localización:

*Las combinaciones estables de un elemento sustantivo con otras palabras que, con respecto a él, desempeñan una función adjetiva irán siempre en el artículo correspondiente al elemento sustantivo. Por ej., aceite virgen se encontrará en el artículo encabezado por la palabra aceite; buena mano en el artículo mano; agua de cerrañas en agua, etc. Para facilitar su localización, al final de los artículos dedicados a las palabras que acompañan al sustantivo unos envíos indican al lector los lemas bajo los que encontrará cada combinación. En el caso de los ejemplos mencionados hay por tanto envíos en virgen, bueno, na y cerraña<sup>4</sup>.*

Porén, chama a atención, ademais da pouca información ofrecida, o feito de que o *DLE* non empregue a terminoloxía fraseolóxica amplamente recoñecida e utilizada polos teóricos, pois en lugar de *unidades fraseolóxicas* opta por empregar o termo *formas complexas*. Estas últimas aparecen divididas en dous grupos: *combinacións estables e locucións e expresións*.

Para distinguir entre unha e outra clase, o *DLE* usa, aínda que non o indica explicitamente nos seus preliminares, dous procedementos:

1) As *combinacións estables* aparecen destacadas mediante unha cor distinta á empregada para presentar as *locucións e expresións*<sup>5</sup>:

<sup>2</sup> Tomado de: <http://DLE.rae.es/>. Data de consulta: 25/04/2020.

<sup>3</sup> Tomado de: <https://dle.rae.es/contenido/advertencias>. Data de consulta: 10/10/2020.

<sup>4</sup> Tomado de: <http://DLE.rae.es/>. Data de consulta: 25/04/2020.

<sup>5</sup> Esta distinción tipográfica refírese á versión en liña.

➤ Combinacións estables:

**puerta blindada**

1. f. puerta reforzada por diversos sistemas de seguridad que se coloca en la entrada de las casas.

**puerta cochera**

1. f. puerta por donde pueden entrar y salir carruajes.

**puerta cortafuego**

1. f. puerta que impide la propagación del fuego en un incendio.

➤ Locucións e expresións:

**cerrar** a alguien **la puerta**

1. loc. verb. Hacer imposible o dificultar mucho algo.

**cerrársele** a alguien **todas las puertas**

1. loc. verb. Faltarle todo recurso.

**coger entre puertas** a alguien

1. loc. verb. coloq. Sorprenderle para obligarle a hacer algo.

É salientable que o *DLE* inclúe as locucións verbais, adxectivas, adverbiais, pronominais, conxuntivas e interxectivas no apartado destinado a «locucións e expresións», mentres que a gran maioría das substantivas aparecen no grupo de «combinacións estables», presentadas con outras combinacións pluriverbais. Efectivamente, locucións substantivas como *pez gordo*, *caja de Pandora* e *agua de borrajas* rexístranse na mesma categoría, xunto con unidades como *pez espada*, *caja fuerte* e *agua de colonia*, consideradas «compostos sintagmáticos», segundo Corpas Pastor (1996), e «denominacións normais das realidades», de acordo con Seco (*et al.*, 2004). Entre as escasas locucións substantivas localizadas no apartado de «combinacións estables», atopamos *hurtar ropa*, *nada entre dos platos* e *señor mío*.

2) Cada unidade aparece distinguida cunha marcación especial. Así, as *combinacións estables* reciben as marcas **f.** (nome feminino) e **m.** (nome masculino); as locucións, a etiqueta **loc.** (locución), mentres que as *expresións* aparecen destacadas mediante a abreviación **expr.** (expresión). A aplicación deste procedemento parécenos útil para o usuario, xa que lle permite saber a clase á que pertence cada combinación. Non obstante, o *DLE* non explica na súa «Guía de consulta» que se entende exactamente por *combinación estable*, fronte ás *locucións e expresións*, nin aclara por que coloca as *locucións e expresións* na mesma etiqueta. As dúbidas sobre esta clasificación aumentan cando localizamos unha serie de unidades consideradas combinacións estables polo *DLE*, malia seren clasificadas como locucións segundo outros dicionarios. Por exemplo, as construcións *mirlo blanco*, *conejillo de indias*, *cuento chino* e *mosquita muerta* son combinacións estables segundo o *DLE*, mentres que para o *DICLOCNAP*<sup>6</sup> e o *DELE*<sup>7</sup>

<sup>6</sup> *Diccionario de locuciones nominales, adjetivas y pronominales para la enseñanza del español* (Penadés Martínez, 2008).

<sup>7</sup> *Diccionario de expresiones y locuciones del español* (Martínez López; Jørgensen, 2009).

son locucións. Do mesmo xeito, o uso de marcas como **f.** e **m.** é pouco clarificador, posto que se refiren unicamente ao xénero da unidade e non á súa clase.

O *DLE* non parece ter aproveitado os avances da fraseoloxía teórica, posto que a nivel terminolóxico deixa moito que desexar: 1) non aparece o termo *unidade fraseolóxica*, malia que, iso si, recoñece a *fraseoloxía* como ciencia lingüística; 2) aínda non recolle o significado fraseolóxico do termo *colocación*; 3) o termo *combinación estable* non é o axeitado para referirse a unha clase de UFS, xa que a estabilidade non é máis que unha característica potencial e, por outro lado, as locucións tamén son combinacións estables e, por tanto, esta denominación non fai máis que incidir na confusión; 4) o termo *expresión* é bastante vago e impreciso e, ademais, non aparece en ningunha das clasificacións consolidadas, como as de Casares (1950), Zuluaga (1980), Corpas Pastor (1996), Ruiz Gurillo (1997) ou García-Page (2008), co cal, non debería usarse, de ningún modo, como termo definitorio das combinacións pluriverbais.

Por outra parte, a distinción que fai o *DLE* entre «os niveis de uso da lingua», nos que inclúe as marcas diafásicas *vulgar* e *xergal*, e «os rexistros de fala», nos que insire a marca *coloquial*, non é nada esclarecedora. Ademais, non explica os criterios que determinan marcar unha locución como *coloquial*, fronte a outra que non recibe ningunha etiqueta. Así, por exemplo, non sabemos por que unha locución como *dar buena cuenta* non ten ningunha marca no *DLE*, malia estar etiquetada como *coloquial* no *DFDEA*, e *informal* no *DiLEA*. É certo que a falta dunha marca pódese interpretar como unha marca en si mesma, é dicir, que a unidade ten un uso xeral ou estándar; non obstante, é necesario informar explicitamente sobre esta particularidade.

Respecto á frecuencia de uso, o *DLE* emprega dúas marcas: *usado* e *pouco usado*, mentres que a maioría das unidades aparecen sen ningunha etiqueta, cousa que pode explicarse polo feito de que estas combinacións non teñen restrición no uso. Non obstante, a consulta das locucións no *Corpus de Referencia del Español Actual (CREA)* e no *Corpus Diacrónico del Español (CORDE)* reflicte que o establecemento da marcación de frecuencia no *DLE* non é nada coherente. Efectivamente, non é posible constatar que se entende por unha locución *usada* fronte a outra que non recibe ningunha marca. Por exemplo, non sabemos por que locucións como *sin levantar mano* e *al pie del cañón* non reciben ningunha marca, malia que a primeira aparece nun só caso no *CREA* e a segunda ten 67 ocorrencias, nin por que unha locución como *un pie tras otro* está marcada como *usada*, aínda que sae en apenas tres casos no *CREA*. Así mesmo, unha locución como *abrir mano* aparece etiquetada como *pouco usada*, aínda que non se rexistra ningún caso no *CREA*. No *CORDE* localizamos 10 casos, o que significa que a devandita locución non pertence ao español actual e, polo tanto, pode recibir a marca diacrónica *desusada*. En cambio, a locución *abrir la veda* non está rexistrada no *DLE*, a pesar de que aparece en 13 casos no *CREA*.

Por último, chama a atención a inclusión de palabras simples dentro do grupo destinado ás combinacións de palabras. Velaquí algúns exemplos:

**cielos**

1. interj. U. para denotar sorpresa, asombro o sentimentos similares.

**Dios**

1. interj. U. para expresar admiración, asombro u horror.

**Señor**

1. interj. U. para expresar hartazgo o protesta.

Estas interxeccións, pese a ter un significado idiomático, non deberían presentarse no mesmo grupo destinado ás unidades plurilexemáticas.

#### 4. *Diccionario fraseológico documentado del español actual (DFDEA)*

O *DFDEA* (Seco *et al.*, 2004) parece dar resposta a case todas as cuestións que deberían figurar nun prefacio lexicográfico. Para iso, adícalles suficiente espazo na súa introdución, a cal aparece dividida nas seguintes partes:

— «Sobre este diccionario» (*DFDEA*, XI-XVI): neste apartado infórmase sobre a finalidade do *Diccionario*, o tipo de usuario ao que vai dirixido, e se responde ás preguntas de por que é un diccionario fraseolóxico e por que é documentado. Así mesmo, indícase e defínese o tipo de fraseoloxismos seleccionados: as locucións.

Parécenos interesante a distinción establecida entre *modismo* e *locución*:

*[El modismo] evoca la noción de ‘expresión imaginativa, pintoresca o folklórica peculiar del idioma’ nunca se da, por exemplo, a las locuciones prepositivas y conjuntivas. De modo que, aunque todos los modismos son locuciones, no todas las locuciones son modismos* (Seco *et al.*, 2004: XIII).

Non obstante, e por esa mesma razón, parécenos impertinente incluír o termo *modismo* no título do *Diccionario*, posto que dá a impresión de que se trata dunha clase diferente de UFS, cando o certo é que o *modismo* e a *locución* designan, en principio, o mesmo concepto. Ademais, os mesmos autores (Seco *et al.*, 2004) descartan o uso de *modismo* no *Diccionario*, polo que só aparece no título e nas páxinas introdutorias.

Ademais de explicar que son as locucións, o *DFDEA* define tamén o concepto de *fraseoloxía*, e descarta o uso doutras denominacións imprecisas e pouco útiles, segundo o *Diccionario*, como *frase*, *frase feita*, *frase proverbial*, *ditos*, *dicires*, *maneiras de dicir* e *expresións*.

Por outra parte, cita as clases de fraseoloxismos que forman as entradas: a) *locucións en sentido estrito*, b) *locucións en sentido amplo*, c) *fórmulas oracionais*, d) *fórmulas expletivas*. Non obstante, malia que os autores distinguen entre estas clases nos preliminares, no corpo do *Diccionario* non precisan, por exemplo, cando se trata dunha *locución en sentido estrito* (locución) ou dunha *locución en sentido amplo* (colocación). Como os mesmos autores recoñecen seleccionar locucións e colocacións, parécenos de suma importancia acompañar cada unidade cunha pequena indicación para aclarar a clase de fraseoloxismos á que pertence. Tamén, sería máis pertinente e esclarecedor incluír o termo

*colocación* no título en vez de *modismo* porque, de feito, é un dicionario de locucións e colocacións. Sería, así mesmo, moi frutífero, dende o punto de vista fraseolóxico e fraseográfico, establecer tal distinción, posto que permitiría a elaboración doutros repertorios especializados: algúns unicamente nas locucións e outros exclusivamente nas colocacións. Parécenos conveniente distinguir, no *DFDEA*, entre unha colocación como *hacer la compra* ('Comprar los alimentos necesarios para la casa', *DFDEA*), porque o seu significado é composicional, e unha locución como *apretar el cinturón* ('Reducir los gastos por escasez de los medios', *DFDEA*), cuxo significado é idiomático, posto que non pode deducirse da suma dos seus elementos constitutivos. Claro está, a distinción entre unha e outra clase non é tan sinxela e a idiomaticidade non é o único criterio determinante, polo que haberá que apoiarse nos estudos da fraseoloxía teórica para delimitar, con máis exactitude, a clase á que pertence cada unidade. Outros exemplos de colocacións localizadas no *DFDEA* son: *hacer la competencia, dar la alarma, seguir con la mirada, dar de comer, tomar apuntes e prestar atención*. Neste aspecto, Zuluaga (1997: 24) opina que as colocacións constitúen unha clase diferente, polo que «deberían separarse adecuadamente na práctica lexicográfica».

— «Cómo usar el Diccionario» (*DFDEA*, XIX-XXII): se no apartado anterior o *DFDEA* proporcionaba unha serie de informacións teóricas sobre a terminoloxía empregada no corpo do dicionario, neste apartado dedícase a ofrecer datos máis prácticos sobre o seu uso. Esta segunda parte introdutoria trata de guiar aos lectores sobre o lugar exacto de cada unidade, informándoos sobre os métodos necesarios para localizar as locucións e demais unidades pluriverbais. Para lematizar as locucións, o *DFDEA* segue o criterio categorial. Por exemplo, as locucións *a boca jarro, a boca llena, abrir boca, a pedir de boca, boca abajo, buscar la boca* preséntanse por orde alfabética baixo unha palabra clave común: **boca**.

O terceiro e cuarto apartados tratan, respectivamente, sobre «Abreviaturas y signos usados en el Diccionario» (*DFDEA*, XXVII) e «Glosario de términos lingüísticos utilizados» (*DFDEA*, XXIX). É preciso sinalar que o *DFDEA* explica, nas súas páxinas preliminares, todas as marcas que emprega na súa microestrutura. Velaquí algúns exemplos:

*raro*: Expresión infrecuente; en especial, expresión anticuada empleada hoy solo de manera ocasional.

*histórico (hist)*: Uso que se refiere a una realidad perteneciente a época anterior a la aquí estudiada.

*coloquial (col)*: Uso propio de la conversación informal o de una situación distendida.

*vulgar (vulg)*: Expresión malsonante o de mal gusto que no debe emitirse ante personas de cierto respeto (*DFDEA*, XXX- XXXII).

O último apartado é unha «Guía de consulta» (*DFDEA*, 1-104), na que se recollen todas as unidades do *Diccionario* organizadas por orde alfabética. Trátase dunha aportación moi importante, tendo en conta a existencia de usuarios aos que lles custa buscar as UFS a partir da palabra básica; polo tanto, a orde alfabética permítelles localizalas a partir

da primeira palabra que as constitúe. Isto confirma o papel da parte introdutoria como elemento esencial para o bo manexo do dicionario.

Podemos dicir que o *DFDEA* conseguiu proporcionar información de moita utilidade, sexa teórica, delimitando e definindo os termos usados, ou práctica, guiando ao usuario de forma eficaz sobre os métodos requiridos para a busca das unidades. Non obstante, queremos resaltar, unha vez máis, a necesidade de empregar unha terminoloxía máis unívoca e precisar a clase de fraseoloxismos no corpo do *Diccionario*, mediante as marcas correspondentes.

### **5. *Diccionario de locuciones idiomáticas del español actual (DiLEA)***

O *DiLEA* é un dicionario en liña específico para as locucións. A autora do *Diccionario*, Penadés Martínez, xa publicara anteriormente tres dicionarios de locucións destinados á ensinanza do español: o *DICLOCVER* (2002)<sup>8</sup>, o *DICLOCADV* (2005)<sup>9</sup> e o *DICLOCNAP* (2008). A parte introdutoria do *DiLEA* divídese en dous bloques: «Presentación» e «Instrucións». O primeiro bloque, pola súa parte, está dividido en dúas seccións: «Unidades do dicionario» e «Estrutura do dicionario». Na parte dedicada a «Unidades do dicionario», o *DiLEA* afirma, en primeiro lugar, que as unidades recollidas pertencen á clase de locucións e que se caracterizan por seren idiomáticas. A continuación, define o concepto de locución dando exemplos ilustrativos das tres características desta clase de UFS, a saber: 1) constituír unha combinación fixa de palabras; 2) funcionar como elemento da oración e 3) ser idiomáticas. As unidades rexistradas caracterízanse por ser de uso actual e pertencer á variedade do español falado en España. En canto aos destinatarios, o *DiLEA* indica que vai dirixido a usuarios interesados por coñecer o significado das locucións, falantes de español como lingua estranxeira, investigadores interesados por estudar as locucións, profesores de español como L1 e L2 e tradutores.

No segundo bloque, «Estrutura do dicionario», o *DiLEA* aborda varias cuestións relativas á súa micro- e macroestrutura. En primeiro lugar, informa sobre o sistema de ordenación establecido: ordenación alfabética por palabras. En segundo lugar, trata a lematización. Neste sentido, o *DiLEA*, a diferenza do *DFDEA*, indica que optou por lematizar as locucións a partir da primeira palabra que as integra; é dicir, que seguiu o criterio estrutural. A continuación, presenta o conxunto de datos informativos incluídos no artigo lexicográfico: as acepcións, a clase da locución, a marcación diafásica, a marcación de frecuencia, os elementos do contorno, os exemplos de uso, a definición e outras informacións de carácter ortográfico, morfolóxico, sintáctico ou pragático.

Tras a revisión que acabamos de realizar, chegamos á conclusión de que o *DiLEA* proporciona bastante información na súa parte introdutoria, unha información sostida nos logros da fraseoloxía teórica e da fraseografía práctica. Parécenos interesante a delimitación e a definición das unidades recollidas, as locucións, así como a explicación dos procedementos seguidos no establecemento da micro- e da macroestrutura. Non

<sup>8</sup> *Diccionario de locuciones verbales para la enseñanza del español.*

<sup>9</sup> *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español.*

obstante, o *DiLEA*, malia ser un dicionario específico para as locucións, non inclúe todas as clases destas unidades, pois limitábase a presentar as locucións nominais, adxectivas, pronominais, verbais e adverbiais, mentres que as prepositivas e as conxuntivas quedan descartadas da súa nomenclatura. O *DiLEA* non aporta ningunha información que xustifique por que se eliminaron os outros tipos de locucións, pois só menciona que todas as locucións recollidas, excepto as pronominais, teñen significado léxico. Segundo o noso parecer, sería máis frutífero e útil para os usuarios incluír todas as clases de locucións, máxime porque se trata dunha obra específica para esta clase de UFS. A exclusión das combinacións prepositivas e conxuntivas implica que non será posible atopar unha serie de construcións de uso corrente, como *a pesar de, por más que, hasta tal punto que, a fin de que, acerca de, al abrigo de, a la altura de, aparte de, en torno a* etc. Ademais, déixase notar que o *DiLEA* exclúe as locucións interxectivas das clases de unidades que cita na súa parte introdutoria, aínda que estas aparecen tanto no *DFDEA* como no *DLE* en varios exemplos como: *anda con Dios, bendito sea Dios, toma ya, hasta más ver; qué narices* etc. Nesta mesma liña, cómpre sinalar que a delimitación da clase á que pertence unha unidade pode ser distinta dependendo do repertorio tomado como referencia. Por exemplo, a unidade *manos arriba* é unha locución interxectiva segundo o *DLE*, mentres que o *DFDEA* concíbela como unha fórmula oracional, e a construción *manos a la obra* é unha expresión de acordo co *DLE*, mentres que o *DFDEA* preséntaa como unha locución verbal (*ponerse manos a la obra*). Do mesmo xeito, a locución *a años luz* é adverbial no *DiLEA* e o *DFDEA*, mentres que no *DLE* aparece como verbal: *estar a años luz*. Isto revela que aínda non existe unanimidade na fraseoloxía española respecto á categorización das UFS en xeral e das locucións en particular<sup>10</sup>.

Por outra parte, aínda que se menciona que «en esta primera versión del *DiLEA* solo figuran las locuciones verbales»<sup>11</sup>, a consulta do *Diccionario* demostra a inclusión doutras clases de locucións, como as adverbiais: *a beneficio de inventario, con alma y vida, como un señor* etc., e combinacións que pertencen a dúas categorías, como por exemplo *a dos pasos, a cara descubierta, cabeza abajo* etc., que poden ser adverbiais e adxectivas. Por iso, haberá que actualizar a presentación para que concorde co contido do corpo do *Diccionario*.

Por último, notamos que o *DiLEA* non segue un procedemento coherente e sistemático á hora de determinar a frecuencia de uso. Así, de acordo con este dicionario, a marca *muy frecuente* aplícase ás locucións das que se teñen documentados máis de 10 exemplos; non obstante, é posible localizar unha serie de unidades que non levan esa marca, malia aparecer en numerosos casos. Por exemplo, as locucións *bajar la guardia, cara a cara* e *dar a luz* saen en máis de cen ocorrencias no *CREA* e, aínda así, aparecen marcadas como *frecuentes*, en lugar de *muy frecuentes*. Outro aspecto que revela a incongruencia

<sup>10</sup> Pódese dicir que este problema terminolóxico e conceptual ten a súa orixe nas distintas clasificacións, moitas veces non coincidentes, dos especialistas na materia. Por exemplo, as locucións *elativas* só son sinaladas por Zuluaga (1980); as *oracionais*, unicamente por García-Page (1995); as *marcadoras*, exclusivamente por Ruiz Gurillo (1997); e só Casares se refire nos seus traballos ás *exclamativas* (1950). Pola súa parte, as locucións *clausais* só aparecen na clasificación de Corpas Pastor (1996) e Ruiz Gurillo (1997).

<sup>11</sup> Tomado de <http://www.diccionariodilea.es/presentacion#>. Data da consulta: 15/10/2020.

na delimitación da frecuencia é a existencia de numerosas locucións sen ningunha marca. Neste grupo de unidades, caben tanto locucións con alta frecuencia, como *a ciegas*, *dar señales de vida* ou *pasar a la historia*, como construcións de escasa ocorrencia, como *a porradas*, *a banderas desplegadas*, *barrer para adentro* etc.

## 6. Conclusións

A partir da análise realizada aos dicionarios estudados, chegamos a unha serie de conclusións que se plasman a continuación. O primeiro que se pode observar é o feito de que, a medida que consultamos dicionarios máis específicos, mellores resultados obtemos en canto ao tratamento da fraseoloxía na parte introdutoria. Efectivamente, o *DLE*, por ser un dicionario xeral, non presta moita atención á presentación das UFS na súa «Guía de consulta». Isto nótase primeiro no escaso espazo adicado á mesma. Así mesmo, a terminoloxía que usa para referirse aos conceptos fraseolóxicos non responde aos criterios establecidos nas teorías fraseolóxicas. É máis, o *DLE* inclúe, no mesmo grupo, palabras simples xunto a combinacións pluriverbais.

O *DFDEA* é máis sistemático ao aportar suficientes datos, tanto na presentación das unidades que forman a nomenclatura do dicionario, como na explicación dos pasos que se deben seguir para o seu uso. Non obstante, no corpo do dicionario, aparecen tanto locucións como colocacións sen ningunha distinción. Neste sentido, reiteramos a necesidade de indicar a clase á que pertence cada combinación. Ademais, habería que explicar, na parte introdutoria, os criterios seguidos para distinguir as locucións das colocacións.

O *DiLEA* é un dicionario aínda máis específico que o *DFDEA*, xa que trata unha clase ben determinada de UFS: as locucións. Pódese dicir que o *DiLEA* elaborou unha parte introdutoria ben informativa en todos os sentidos, tanto na presentación das unidades como nas instrucións para o uso do dicionario. Non obstante, subliñamos a falta dalgunhas clases de locucións, como as prepositivas e as conxuntivas. Ademais, a delimitación da frecuencia de numerosas locucións non responde aos criterios sinalados na parte introdutoria.

Por outro lado, chegamos á conclusión de que os dicionarios revisados non recollen as mesmas clases de unidades, o que revela que a concepción da fraseoloxía dos distintos especialistas non sempre é coincidente. Aínda que a fraseoloxía española chegou a ocupar un lugar privilexiado dentro dos estudos lingüísticos, aínda quedan cuestións pendentes, como as relativas á distinción entre unha e outra clase de UFS e tamén á delimitación das clases de locucións.

Por último, consideramos que se debe prestar máis atención ao tratamento das UFS nas partes introdutorias dos repertorios lexicográficos, sexa para guiar aos usuarios a manexalos de forma eficiente, sexa para esclarecer cuestións teóricas relativas á clasificación e á definición de cada grupo de fraseoloxismos. Os dicionarios teñen que velar por que o prólogo sexa o máis informativo posible sobre as unidades que recollen, de tal xeito que os usuarios poidan optimizar o seu uso e sacar o máximo rendemento

posible da súa consulta. Por outra banda, unha praxe lexicográfica correcta implica aproveitar os logros e as aportacións da teoría fraseolóxica e aplicala na presentación das UFS nos seus preliminares.

## 7. Referencias

- ALZOLA FARIÑAS, Luis (2001): «Las presentaciones de los diccionarios escolares. Breve historia de un elemento didáctico olvidado por las editoriales, los profesores y los usuarios», en *Glosas Didácticas*, N. 6. Disponible en <http://sedll.org/doces/publicaciones/glosas/n6/alzola.html>. [Data da consulta: 02/04/2020].
- CASARES, Julio (1950): *Introducción a la lexicografía moderna*, Madrid: SCIS.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*, Madrid: Gredos.
- GARCÍA-PAGE, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*, Barcelona: Anthropos Editorial.
- (1995): «Fraseologismos oracionales», *Contextos*, XIII/25-26: 79-92.
- LONČAR, Ivana e VALERO, Pilar (2020): «Propuestas sobre la representación de la fraseología en diccionarios en línea», *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación*, Vol. 82 (2020): 9-26.
- OLÍMPIO DE OLIVEIRA SILVA, María Eugènia (2004): *Fraseografía teórica y práctica. Bases para la elaboración de un diccionario de locuciones verbales español-portugués*, Tese doutoral. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá.
- (2007): *Fraseografía: teoría y práctica*, Frankfurt: Peter Lang.
- PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2015). *Para un diccionario de locuciones, de la lingüística teórica a la fraseografía práctica*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en liña]. *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>> [Data da consulta: 25/04/2020]
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CREA) [en liña]. *Corpus de referencia del español actual*. <<http://www.rae.es>> [Data da consulta: 25/04/2020]
- RUIZ GURILLO, Leonor (1997): *Aspectos de fraseología teórica española*, Valencia: Universitat de València.
- RUIZ MARTÍNEZ, Ana María (2007): «La noción de colocación en las partes introdutorias de algunos diccionarios monolingües del español», *Revista de Lexicografía*, XIII (2007): 139- 182.
- (2016): «La marcación de las unidades fraseológicas a partir del examen de corpus», en Corpas Pastor, Gloria (ed.): *Fraseología computacional y basada en corpus: perspectivas monolingües y multilingües*. Xenebra: Tradulex: 597-604.
- SANTAMARÍA PÉREZ, M<sup>a</sup> Isabel (1998): «El tratamiento de las unidades fraseológicas en la lexicografía bilingüe», *Estudios de Lingüística*, 12: 299-318.
- (2001): *Tratamiento de las unidades fraseológicas en la lexicografía bilingüe español-catalán*, Tese doutoral. Alacante: Biblioteca virtual Miguel de Cervantes.
- ZULUAGA, Alberto (1980); *Introducción al estudio de las expresiones fijas*, Frankfurt, Cirencester: Peter Lang.

(1997): «Sobre fraseoloxismos e fenómenos colindantes», en Ferro Ruibal, Xesús (coord.), *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, Vigo, Xunta de Galicia: 15-30.

### **Dicionarios**

*DFDEA*: SECO, M. (dir.) *et al.* (2004). *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Madrid: Aguilar.

*DELE*: MARTÍNEZ LÓPEZ, Juan Antonio; JØRGENSEN, Annette Myre (2009): *Diccionario de expresiones y locuciones del español*. Madrid: Ediciones de la Torre.

*DICLOCADV*: PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2005): *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.

*DICLOCNAP*: PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2008): *Diccionario de locuciones nominales, adjetivas y pronominales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.

*DICLOCVER*: PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2002): *Diccionario de locuciones verbales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.

*DiLEA*: PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2019): *Diccionario de locuciones idiomáticas del español actual*. [En liña]. <[www.diccionariodilea.es](http://www.diccionariodilea.es)>. [Data da consulta: 25/04/2020].

*DLE*: REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2014): *Diccionario de la Lengua Española*. Madrid: Espasa. Versión en liña: <http://DLE.rae.es/> [Data da consulta: 25/04/2020].

*DLP*: MARTÍNEZ DE SOUSA, José (1995): *Diccionario de lexicografía práctica*. Barcelona: Bibliograf.